



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A INSTITUCIÓN DO VALEDOR DO POBO, UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, UNIVERSIDADE DA CORUÑA E UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CREACIÓN DOS PREMIOS AOS MELLORES TRABALLOS DE FIN DE GRAO (TFG) E TRABALLOS FIN DE MÁSTER (TFM) EN MATERIA DE IGUALDADE E DEREITOS DAS MULLERES

Santiago de Compostela, 23 de nadal de 2019

COMPARECEN

Dunha banda, Dª María Dolores Fernández Galiño, Valedora do Pobo de Galicia, nomeada por Resolución do Parlamento de Galicia do 31 de xullo de 2019 (DOG nº 145, do 1 de agosto), actuando en nome e representación do Valedor do Pobo, en virtude das facultades que lle confine o artigo 7a) do seu Regulamento de Organización e Funcionamento.

Doutra, D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG do 5 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades , e do artigo 82 do Decreto 14/2014 ,do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Doutra, D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña segundo nomeamento efectuado polo Decreto 1/2016, do 8 de xaneiro (DOG do 11 de xaneiro), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades , e do artigo 34 do Decreto 01/2004 do 13 de maio, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubre, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña.

Doutra, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor da Universidade de Vigo segundo nomeamento efectuado polo Decreto 59 /2018, do 31 de maio (DOG 109 do 8 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades , e do artigo 29 do Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro , polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Institución do Valedor do Pobo, como entidade defensora dos dereitos da cidadanía recoñecidos na Constitución Española, para o efectivo desenvolvemento dos dereitos fundamentais e liberdades públicas da cidadanía, considera necesario o desenvolvemento de iniciativas e actuacóns que teñan como obxectivo o avance da sociedade en materia de igualdade de sexos.



Para a consecución do dito obxectivo, a Institución debe apoiar e participar na posta en marcha de actuacións en materia de igualdade de mulleres e homes, contribuíndo desta forma á difusión e a un mellor coñecemento do dereito fundamental á igualdade, e ao seu exercicio por parte da sociedade no seu conxunto.

SEGUNDO.-Que as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo son entidades de dereito público que desenvolven actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e están interesadas en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo, así como en iniciativas que incidan no respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres.

TERCEIRO - Que, segundo establecen os seus Estatutos, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, propiciarán o establecemento de relacóns con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

CUARTO.- Que tanto as universidades parte neste convenio como a Institución do Valedor do Pobo están de acordo en implantar os premios aos mellores Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres, para o que asinan este convenio que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- CREACIÓN DOS PREMIOS VALEDORA DO POBO EN MATERIA DE IGUALDADE.


Co fin de estimular a realización de Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Máster (TFM) en materias relacionadas coa igualdade efectiva de mulleres e homes, créanse os Premios anuais “Valedora do Pobo” aos mellores Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Máster (TFM).

Os premios distinguiran aqueles traballos que sexan merecedores dun especial recoñecemento pola súa claridade, orixinalidade, definición do seu obxecto, pertinencia e relevancia, metodoloxía da investigación utilizada, análise de resultados, aspectos formais do traballo e proxección que poida acadar no ámbito da igualdade de dereitos de mulleres e homes, entre outros.

SEGUNDA.- CONVOCATORIA E COMPOSICIÓN DO XURADO.

A convocatoria anual dos premios realizarase pola Institución do Valedor do Pobo coa colaboración das Universidades asinantes.

Na convocatoria, que se realizará en cada curso académico, establecerase o número de premios e as contías que corresponderán aos mellores Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Máster (TFM).



Dolores Flahue



Q



J



QD

Os traballos premiados serán seleccionados, de entre os presentados en cada curso académico e que estean relacionados directamente coa igualdade efectiva de mulleres e homes en calquera dos ámbitos do coñecemento.

Na convocatoria establecerase a composición do xurado, no que figurarán as persoas titulares das institucións asinantes e persoas que destaqueñ pola súa traxectoria profesional e persoal en materia de igualdade, nomeadas a proposta destas .

TERCEIRA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E FINANCIAMENTO DOS PREMIOS

O procedemento de concesión dos premios tramitarase en réxime de concorrencia competitiva entre os estudiantes das tres universidades asinantes deste Convenio mediante convocatoria da Institución do Valedor do Pobo coa colaboracións Universidades asinantes, que se publicará no DOG (Diario Oficial de Galicia) e nas respectivas páxinas web das mencionadas Institucións .

En cada convocatoria premiarase aos mellores Traballos de Fin de Grao (TFG) e aos mellores Traballos de Fin de Máster (TFM) presentados no número que se determine na mesma . A convocatoria determinará a financiación dos premios contemplados con cargo a los créditos que para a dita finalidade se determinen nos orzamentos da Institución do Valedor do Pobo para cada anualidade.

CUARTA .- COMISIÓN MIXTA

Para o seguimento e control dos acordos adoptados neste convenio, así como a programación e convocatoria das actividades, constituirase unha comisión mixta formada por:


- - Pola Institución do Valedor do Pobo, a persoa titular da institución, a súa adxunta ou as persoas en quen aquela delegue.
- Por cada unha das universidades asinantes, o Reitor ou persoa en quen delegue e os/as Decanos/as das Facultades de Dereito.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio terá unha vixencia dun (1) ano dende a súa sinatura, renovable de xeito anual de non mediar denuncia por ningunha das partes, que debe producirse cun mes de antelación ao seu remate. As renovacións terán un límite de 4 anos.

Poderase resolver este convenio por algunha das seguintes causas:

- Dificultades insuperables debidamente xustificadas que impidan levar a bo termo as actividades estipuladas.



Dolores Almeida



R



J



A

- Por incumprimento dos compromisos acordados, non emendado no prazo de 30 días hábiles dende o requerimento escrito da outra parte.

A resolución anticipada do convenio non afectará as actividades iniciadas e pendentes de finalización, de acordo co contido deste convenio e dos acordos específicos que se subsciran no seu desenvolvimento.

OITAVA.- XURISDICCIÓN

As dúas partes comprométense a resolver de común acordo, todas as cuestións de interpretación e seguimento, así como a resolución de cantes conflitos puideran xurdir no seu desenvolvimento. En defecto de acordo, as controversias que poidan xurdir entre as partes resolveranse polos Xulgados e Tribunais do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, ós que todas as partes se someten expresamente.

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expressa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvimento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.


As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigación legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamiento.



Dolores F. Pato



Q




J



D



E, como proba de conformidade, asínase este convenio por cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

Dolores F. Galiño

D. Julio E. Abalde Alonso
Reitor da Universidade da Coruña




Antonio López Díaz
**Reitor da Universidade de Santiago
de Compostela**



D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo